



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 28 DE AGOSTO DE 2025

PRESIDENTA:

D^a Diana Piñeiro Fernández

ASISTENTES:

D. Rubén Vázquez Pérez
D^a Patricia Esther Espiñeira Galán
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez
D. Manuel Castro Uzal
D. Raúl Varela Fraguio

INTERVENTORA INTERINA:

D.^a Laura García Santiago

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e catro minutos do día vinte e oito de agosto do ano dous mil vinte e cinco, réunese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D^a Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, don Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora interina, D.^a Laura García Santiago e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- PROPOSTA RELATIVA Á DESIGNACIÓN DE RESPONSABLE DO CONTRATO E DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA “MANTEMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE BRIBES, CECEBRE Y OTROS”, OBRA INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 2/2022. EXPEDIENTE 2022/C003/000021

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 27 de agosto de 2025 (CVD: UYcUFuEUCyAgYUIx9PA), que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

Por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 25 de xuño de 2025, adxudicouse o contrato da obra denominada “*Mantenimiento de caminos municipales en las parroquias de Bribes, Cecebre y otros*”,



obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) "POS+ Adicional 2/2022", á entidade mercantil "Construcciones Ponciano Nieto, S.L.", Expediente 2022/C003/000021.

Visto que no dito acordo designouse como director de obra, así como responsable do contrato, ao enxeñeiro técnico de obras públicas interino, don Alberto Serrano Souto, e que o dito técnico cesou voluntariamente do seu posto o pasado 30 de xuño de 2025.

Vista a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Deixar sen efecto a designación de don Alberto Serrano Souto como responsable do contrato da obra "*Mantenimiento de caminos municipales en las parroquias de Bribes, Cecebre y otros*", expediente 2022/C003/000021, efectuada na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada con data 25 de xuño de 2025, e designar como responsable do contrato a don José Agustín Barca Cotelo, arquitecto municipal-xefe da Sección de Planeamento e Xestión.

Segundo: A dirección de obra e a coordinación de seguridade e saúde desta obra corresponderá ao arquitecto Don Miguel Ángel Abad Blanco (nº COAG 1877), adxudicatario do contrato menor 2025/C002/000028.

Terceiro: Notificar o presente acordo ao adxudicatario, Don Miguel Ángel Abad Blanco, e dar traslado á responsable do contrato, don José Agustín Barca Cotelo, para a súa constancia e para os efectos oportunos".

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 27 de agosto de 2025 (CVD: UYcUFuEUCygAgYUlx9PA), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

2º.- PROPOSTA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA MANTENIMIENTO DE CAMINOS MUNICIPALES EN LAS PARROQUIAS DE BRIBES, CECEBRE Y OTROS. EXPEDIENTE TEDEC 2025/C002/000028

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 27 de agosto de 2025 (CVD: WjvrZD4fYToUAeqBQq+0), que transcrita di:

"PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de contratación tramitado para a contratación, como contrato menor, do servizo de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra "*Mantenimiento de caminos*



municipales en las parroquias de Bribes, Cecebre y otros”(expediente TEdC 2025/C002/000028) no que figuran, entre outros , os seguintes antecedentes:

I.- Por acordo da Xunta de Goberno local de data 25 de xuño de 2025 adjudicouse o contrato da obra denominada “*Mantenimiento de caminos municipales en las parroquias de Bribes, Cecebre y otros*”

No referido acordo designouse como director da obra ao entón enxeñeiro técnico de obras públicas interino, don Alberto Serrano Souto, quen cesou voluntariamente do posto en data 30 de xuño de 2025.

II.- Por providencia do Concelleiro Delegado da Area de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 16 de xullo de 2025 (CVD: JNrZ8w9ngHYtUIHXY84H) solicitouse ao xefe da área de urbanismo e réxime interior informe sobre a insuficiencia de medios personais con que conta este Concello para proceder á contratación externa do servizo da dirección de obra citada.

III.- En data 21 de xullo de 2025, o xefe da área de urbanismo e réxime interior emitiu informe (CVD: ABUD2qTI0U57uh1VGGpl) no que, entre outras cousas, expón: “*(.../...) Actualmente os recursos humanos técnicos da Sección de Servizos, xa de por sí escasos, son inexistentes.*

Así dos tres técnicos adscritos a esta sección, un enxeñeiro de camiños, canais e portos, un enxeñeiro técnico industrial e un enxeñeiro técnico de obras públicas, ningún se encontra hoxe en día operativo. Os dous primeiros se encontran de baixa por enfermidade e o enxeñeiro técnico de obras públicas, que ocupaba o posto interinamente en sustitución do seu titular, presentou en datas recentes a súa renuncia voluntaria ao posto de traballo.

A esto hai que engadir que outro enxeñeiro técnico de obras públicas interino, que fora nomeado precisamente por acumulación de tarefas pola carga de traballo existente en dita sección, presentou igualmente e en datas recentes a súa renuncia voluntaria ao posto de traballo.

Ben é certo que se iniciarán en breve prazo os distintos procesos selectivos para a cobertura interina de ditos postos cuxas bases reguladoras xa están redactadas, pero aínda así sería imposible que en corto prazo e con total seguridade se poida contar con nomeamentos de persoal técnico interino que poida levar a cabo a dirección da obra que nos ocupa, cando aínda así o persoal técnico seguiría sendo escaso, e cando ademais urxe o inicio da mesma para que se poida concluir no prazo previsto.

Esta total inexistencia, pois, de persoal técnico na Sección de Servizos adscrita a esta Area de Urbanismo fai que sexa necesaria e obrigada a contratación externa do servizo de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra indicada no encabezamento deste informe.”

IV.- En data o xefe da área de urbanismo e réxime interior asinou a “MEMORIA VALORADA ASISTENCIA TÉCNICA PARA DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA “MANTEMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE BRIBES, CECEBRE E OUTROS” (POS+ ADICIONAL 2/2022)”

V.- Consta no expediente documento RC por importe de 10.527 euros asinado pola interventora accidental en data 11 de agosto de 2025 (código para validación 9Z362-W9AA7-O4ZDK)

VI.- Por Providencia do concelleiro delegado da área de economía, facenda, contratación, réxime interior e desenvolvemento económico de data 12 de agosto de 2025(CVD: a4l6sptAQlKw1qsLdctr) dispúxose que se dirixira invitación a presentar oferta á ABADÉUS ARQUITECTURA S.L.P.



VII.- En data 14 de agosto de 2025 (entrada número rexistro 202599900005099, ABADEUS ARQUITECTURA S.L.P presentou oferta e a documentación que figura no expediente. O prezo ofertado é o seguinte:

- A) Prezo sen IVE 8.700,00.- euros
- B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) 21 % 1.827,00.- euros
- C) TOTAL (A+B) 10.527,00.- euros

VIII.- En data 18 de agosto de 2025 o técnico de Administración xeral emitiu informe (CVD: mxVR8/+g06FT6NRmLVbR) no que expón:

“ (.../....)Que visto canto antecede o funcionario que subscribe considera que coa tramitación do contrato menor 2025/C002/000028 para a contratación do servizo de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra “Mantemento de camiños municipais nas parroquias de Bribes, Cecebre e outros” (POS+ Adicional 2/2022), non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación.”

IX.- En data 25 de agosto de 2025 a secretaria xeral emitiu informe (CVD: 5f803pf92LICzJ4aIJD5) no que, entre outras cousas, expón:

“...CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- O artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), (modificado polo Real decreto-ley 3/2020, de 4 de febreiro) regula o expediente de contratación en contratos menores dispoñendo o seguinte:

“1. Considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal.

2. Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá a emisión dun informe do órgano de contratación xustificando de maneira motivada a necesidade do contrato e que non se está alterando o seu obxecto co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no apartado anterior.

3. Así mesmo requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

4. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando sexa requirido polas disposicións vixentes. Deberá igualmente solicitarse o informe das oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanzidade da obra.

5. O disposto no apartado 2.º deste artigo non será de aplicación naqueles contratos cuxo pago se verifique a través do sistema de anticipos de caixa fixa ou outro similar para realizar pagos menores, a condición de que o valor estimado do contrato non exceda de 5.000 euros.



6. Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.”

Polo que atinxe a súa duración, o artigo 29.8 do dito texto legal establece que os contratos menores non poderán ter unha duración superior a un ano nin ser obxecto de prórroga.

Por outra banda, o artigo 65 da LCSP dispón, á hora de regular a capacidade para contratar, que só poderán contratar co sector público as persoas naturais e xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou, nos casos en que así o esixa a lei, se atopen debidamente clasificadas.

Engade o parágrafo segundo do dito artigo que os contratistas deberán contar, asimismo, coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización das prestacións que constitúan o obxecto do contrato.

Específicamente, para os contratos menores o artigo 131.3 da LCSP preceptúa que “3.Los contratos menores podrán adjudicarse directamente a cualquier empresario con capacidad de obrar y que cuente con la habilitación profesional necesaria para realizar la prestación, cumpliendo con las normas necesarias en el artículo 118.”

O artigo 30.3 da LCSP establece que a prestación de servicios realizarase normalmente pola propia Administración polos seus propios medios podendo non obstante, cando careza de medios suficientes, previa a debida xustificación no expediente, contratar de conformidade co establecido no Capítulo V do Título II do Libro II da dita Lei; no mesmo senso o artigo 116 da antedita lei que establece no seu punto 4.f) que no expediente se xustificará adecuadamente, nos contratos de servicios, o informe de insuficiencia de medios.

Os órganos de fiscalización externos e os órganos consultivos son reiterativos en limitar a utilización dos contratos menores só para satisfacer necesidades puntuais e esporádicas, concretas e perfectamente definidas e urxentes.

O obxectivo da nova regulación dos contratos menores da Lei é reconducir o contrato menor a situacións excepcionais. As características das prestacións que poden ser contratadas mediante contratos menores deberán satisfacer necesidades puntuais e esporádicas, concretas, perfectamente definidas e urxentes. A sensu contrario, non poden utilizarse os contratos menores para atender necesidades periódicas e previsibles.

A oficina independente de Regulación e supervisión da contratación, na Instrucción 1/2019, de 28 de febreiro, sinala, entre outras cousas, que “Así, la propia Ley, reduce la contratación directa a situaciones extraordinarias” A instrucción anteriormente citada da OIRESCON sinala no seu apartado II que “De acuerdo con el principio de competencia y como medida antifraude y de lucha contra la corrupción, el órgano de contratación solicitará, al menos, tres presupuestos, debiendo quedar ello suficientemente acreditado en el expediente. Si las empresas a las que se les hubiera solicitado presupuesto declinasen la oferta o no respondiesen al requerimiento del órgano de contratación, no será necesario solicitar más presupuestos. Las ofertas recibidas así como la justificación de la seleccionada formarán, en todo caso, parte del expediente. De no ser posible lo anterior, deberá incorporarse en el expediente la justificación motivada de tal extremo”.



E o Consello de Contas de Galicia no informe especial de fiscalización de comunicacións de 25 de xaneiro de 2023 indica respecto da contratación menor , entre outras cousas, que : “(…/…) E incluso en relación a estas, debiera promoverse a inclusión en a normativa interna do fomento de a concurrencia en a adjudicación de los contratos menores mediante a publicación electrónica de anuncios de licitación en a línea de las recomendaciones del Código Europeo de Buenas Prácticas para facilitar el acceso de las PYMES a los contratos públicos para garantizar la efectiva transparencia y concurrencia de la contratación pública……”

No suposto examinado, a xuízo da que subscribe o obxecto do contrato illadamente considerado é referido a unha necesidade concreta , definida e urxente (a obra debe rematarse antes do 30 de novembro de 2025.); e tendo en conta a excepcionalidade polas circunstancias que figuran no informe do xefe da área de urbanismo e réxime interior (CVD: ABUD2qT10U57uh1VGGpl) , a prestación a contratar podería en canto a excepcionalidade da situación descrita no dito informe e contía entenderse encadrable dentro da figura de contrato menor.

Non obstante, considerando que ademáis da obra para a que se tramita este contrato menor de dirección de obra e coordinador de seguridade e saúde existen outros contratos de execución de obras pendentes de adxudicación nos que tamén existe á necesidade de contar con direccións de obra para poder executarse, e que tendo en conta o importe das mesmas, previsiblemente o importe conxunto de todas as direccións de obras excedan do límite de contrato menor infórmase da necesidade de proceder mentres se manteña a situación de falta de persoal á contratación do servizo de dirección de obras e coordinación de seguridade e saúde de acordo cos principios de publicidade, libre concurrencia, igualdade e transparencia e a través dos procedementos regulados na Lei de Contratos do Sector Público. Se ben o criterio da que subscribe quedou exposto, para o caso de que sexa outro o criterio do órgano de contratación infórmase que no presente expediente:

- non se solicitou oferta a tres empresas, tal e como dispón a Instrucción da OIRESCON , o que supón un incumprimento do sinalado na mesma. Reitérase sobre este particular o sinalado polo Consello de Contas e anteriormente transcrito.

- Non consta pronunciamiento da intervención municipal verbo do cumprimento da base 26.2 do presuposto)

X.- A Interventora accidental en data 26 de agosto de 2025 emitiu dilixencia (CVD: 2Umgtqt4rROdxMnUWhG) na que, entre outras cousas sinala:

*“...**PRIMEIRO.-** Dacordo cós datos dispoñibles a data de hoxe na contabilidade municipal do ano 2025 esta Intervención informa que existe crédito axeitado e suficiente ata a cuantía máxima de 10.570,00 € para o obxecto denominado **DIRECCION DE OBRA MANTENIMIENTO DE CAMINOS MUNICIPALES PARROQUIA BRIBES, CECEBRE Y OTROS.** O crédito en cuestión atópase na fase contable RC co número de operación e número de referencia sinalado nos antecedentes deste informe. **SEGUNDO.-** A base 26ª das de execución do orzamento 2025 prorrogado do Concello de Cambre dispón:*

“(…)

2. Con respecto á tramitación de expedientes de contratos menores, atenderase ás seguintes normas:

(…)



Deberá xustificarse que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación. Dito extremo haberá de ser informado por parte do xefe da área tramitadora do expediente do contrato menor. Se non se cumpre este requisito a contratación será obxecto de reparo suspensivo pola intervención municipal.(...)"

Neste caso, á vista do informe do xefe da área de urbanismo e réxime interior que pon de manifesto a excepcionalidade e a necesidade do contrato, que resulta concreta, definida e urgente (CVD: ABUD2qTIOU57uh1VGGpl), tendo en conta a urxencia de que a obra debe rematarse antes do 30 de novembro de 2025, e ademais, a contía non supera o límite establecido no artigo 118 LCSP

*"Artículo 118. Expediente de contratación en contratos menores. 1. Se consideran contratos menores los contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cuando se trate de contratos de obras, **o a 15.000 euros, cuando se trate de contratos de suministro o de servicios**, sin perjuicio de lo dispuesto en el artículo 229 en relación con las obras, servicios y suministros centralizados en el ámbito estatal."*

No obstante, non corresponde a esta intervención analizar o contido da xustificación alegada senón comprobar que existe informe do xefe da área tramitadora do expediente do contrato menor se ben se debe advertir que, existen outros contratos de execución de obras pendentes de adjudicación nos que tamén existe á necesidade de contar con direccións de obra para poder executarse, e que tendo en conta o importe das mesmas, previsiblemente o importe conxunto de todas as direccións de obras excedan do límite de contrato menor recollido no artigo 118 LCSP mencionado, infórmase da necesidade de proceder mentres se manteña a situación de falta de persoal á contratación do servizo de dirección de obras e coordinación de seguridade e saúde de acordo cos principios de publicidade, libre concorrència, igualdade e transparencia e a través dos procedementos regulados na Lei de Contratos do Sector Público.

Así mesmo, expónse que esta intervención ten coñecemento de que non se solicitou oferta a 3 empresas, como dispón a Instrucción da ORIESCON, e supón entón un incumprimento do sinalado na mesma.

*Nembargantes, a suma do valor estimado ascende a 10.570,00 € polo que, ao **respectarse o límite cuantitativo que o artigo 118.1 da LCSP fixa para os contratos menores de servizos (15.000,00 €), non serían obxecto de reparo suspensivo.***

FISCALIZADO CON OBSERVACIONES

Sen perxucio do informe de fiscalización que proceda emitir na fase procedimental referida ao recoñecemento da obriga...).



Considerando urgente proceder á contratación da dirección de obra e coordinación da seguridade e saúde da obra referida, toda vez que se trata dunha obra que debe estar finalizada antes do 30 de novembro de 2025.

Visto o disposto nos artigos 19.8, 118, e 131.3 da Lei 9/2017, de 8 de outubro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Autorizar o gasto por importe de dez mil quinientos vinte e sete euros (10.527 €) con cargo á partida 151 22706 do orzamento en vigor.

Segundo.- Adxudicar o contrato menor de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra *Mantenimiento de caminos municipales en las parroquias de Bribes, Cecebre y otros* a entidade mercantil ABADEUS ARQUITECTURA S.L.P polo prezo dez mil quinientos vinte e sete euros (10.527 €), IVE incluído (base : 8.700 euros, IVE (21 %) 1.827 euros).

O arquitecto adscrito á execución do contrato será don Miguel Ángel Abad Blanco Arquitecto nº COAG 1877.

Terceiro.- Designar responsable do contrato ao arquitecto municipal, don Agustín Barca Cotelo.

Cuarto.- Notificar este acordo ao adxudicatario e ao responsable do contrato.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o presente proposta pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 27 de agosto de 2025 (CVD: WjvrZD4fYToUAeqBQq+0), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

3º.- PROPOSTA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE “REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAIS



MUNICIPAIS NA BARCALA CON DESTINO A ARQUIVO MUNICIPAL. EXPEDIENTE TEDEC 2025/C002/000029

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 27 de agosto de 2025 (CVD: jo7B4PsaJm17n1OqSmt2), que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de contratación tramitado para a contratación, como contrato menor, do servizo de Redacción do proxecto básico e de execución das obras de acondicionamento de locais municipais na Barcala con destino a arquivo”(expediente TEDeC 2025/C002/000029) , no que figuran, entre outros, os seguintes antecedentes:

I- Por Providencia do concelleiro Delegado da Area de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 16 de xullo de 2025 (CVD: 6S/PQROokJ7Yf/DOXZ6A) solicitouse informe sobre a insuficiencia de medios personais con que conta este Concello para proceder á contratación externa do servizo de elaboración de proxectos de obra.

II.- - En data 21 de xullo de 2025 o xefe a da área de Urbanismo e Réxime interior emitiu informe (CVD: /LLgSFPd999BQnMcgRH1) no que, entre outras cousas, expón:

“...En relación coa providencia do Concelleiro Delegado da Area de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 16 de xullo de 2025 (CVD: 6S/PQR0okJ7Yf/DOXZ6A) pola que se solicita informe sobre a insuficiencia de medios personais con que conta este Concello para proceder á contratación externa do servizo de elaboración de proxectos de obras, emítase o seguinte INFORME

Actualmente os recursos humanos técnicos da Sección de Servizos, xa de por sí escasos, son inexistentes. Así dos tres técnicos adscritos a esta sección, un enxeñeiro de camiños, canais e portos, un enxeñeiro técnico industrial e un enxeñeiro técnico de obras públicas, ningún se encontra hoxe en día operativo. Os dous primeiros se encontran de baixa por enfermidade e o enxeñeiro técnico de obras públicas, que ocupaba o posto interinamente en substitución do seu titular, presentou en datas recentes a súa renuncia voluntaria ao posto de traballo.

A esto hai que engadir que outro enxeñeiro técnico de obras públicas interino, que fora nomeado precisamente por acumulación de tarefas pola carga de traballo existente en dita sección, presentou igualmente e en datas recentes a súa renuncia voluntaria ao posto de traballo.

Ben é certo que se iniciarán en breve prazo os distintos procesos selectivos para a cobertura interina de ditos postos cuxas bases reguladoras xa están redactadas, pero aínda así sería imposible que en corto prazo e con total seguridade se poida contar con nomeamentos de persoal técnico interino que poida levar a cabo a redacción de proxectos de obras cando ademais no suposto hipotético de que dito persoal técnico xa estivera operativo, éste seguiría sendo escaso para asumir correctamente e en prazo os traballos ordinarios dos seus respectivos postos de traballo.

Esta total inexistencia, pois, de persoal técnico na Sección de Servizos adscrita a esta Area de Urbanismo fai que sexa necesaria e obrigada a contratación externa do servizo de redacción de proxectos de obras indicado.”



III.- En data 14 de agosto de 2025, polo concelleiro delegado da da Area de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico asinouse a “MEMORIA VALORADA PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAIS MUNICIPAIS NA BARCALA CON DESTINO A ARQUIVO” (CVD: 8O6ecsnhoqjMMvequalM)

IV.-O Concelleiro Delegado da Area de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico en data 14 de agosto de 2025 asinou o “INFORME DE NECESIDADE DA CONTRATACIÓN E DO PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN MEDIANTE CONTRATO MENOR CON INVITACIÓN A 1 LICITADOR” que, entre outras cousas, di:

“INFORME DE NECESIDADE DA CONTRATACIÓN E DO PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN MEDIANTE CONTRATO MENOR CON INVITACIÓN A 1 LICITADOR

A necesidade desta contratación vén motivada pola insuficiencia de persoal técnico na Área de Urbanismo e Réxime interior, especificamente na Sección de Servizos, por mor da baixas por ILT do xefe de sección e do enxeñeiro técnico industrial, e a vacante do posto de enxeñeiro técnico de obra pública xa que a persoa que viña desempeñando este posto interinamente cesou por vontade propia o 30 de xuño de 2025.

O Concello de Cambre convocou recentemente a cobertura temporal por comisión de servizos do posto de xefe de sección de servizos sen que se presentara ningún aspirante. Tamén se intentaron cubrir interinamente os postos de enxeñeiro técnico industrial e enxeñeiro técnico de obra pública acudindo para tal efecto á listaxe de candidatos para nomeamentos interinos para os ditos postos no seu día confeccionadas, sen que ningún dos integrantes das ditas listas aceptase a cobertura interina dos postos.

Con data 13 de agosto de 2025 foron publicadas no BOP as bases da convocatoria para a cobertura interina dos postos de enxeñeiro de camiños, enxeñeiro técnico de obras públicas e enxeñeiro técnico industrial.

Estes feitos fan que a día de hoxe a Sección de Servizos non conte con ningún persoal técnico, resultando, por outra parte, que estas carencias non poden suplirse co outro persoal técnico da área (arquitecto e arquitecto técnico) debido ao volume de asuntos que deben tramitar e ausencias por períodos vacacionais.

*Visto canto antecede, e tendo en conta que segundo o disposto na Circular da Deputación Provincial da Coruña, de elaboración do POS+ AD 2/2025 para investimentos financeiramente sostibles, os concellos que desexen participar na 2ª fase do POS Adicional teñen como máximo ata **o día 12 de setembro**, ás 15:00 horas, para a presentación dos seus proxectos, previamente aprobados por órgano competente (pleno municipal), por esta Concellería considérase totalmente xustificada que se acuda á figura da contratación mediante contrato menor, con carácter puntual, non recorrente, e por causas sobrevidas, isto tendo en conta que o importe das actuacións é inferior aos 15.000,00€ (sen IVE), a súa execución ten unha duración inferior ao ano e que non supón un fraccionamento do obxecto do contrato para evitar a aplicación das normas xerais da contratación (art. 118 LCSP).*



Así mesmo, os prazos perentorios fan conveniente que esta licitación se efectúe mediante invitación a un único licitador, polo que dispónse que se remita invitación á seguinte arquitecta por considerar que pode estar capacitada para a execución deste contrato:

*Olga Pérez Samartín
DNI (.../.../...)"*

V.- Consta no expediente documento RC por importe de 13.500 euros asinado pola interventora accidental en data 13 de agosto de 2025 (código para validación : 26ONO-WK4H3-GAFR5)

VI.- En data 13 de agosto de 2025 a Interventora accidental emitiu informe de existencia de crédito (CVD: LfbU1VzgAC4Ob/8W6Scl).

VII.- En data 14 de agosto de 2025 (entrada número rexistro 202599900005099, Olga María Pérez Sanmartín presentou oferta e a documentación que figura no expediente. O prezo ofertado é o seguinte:

- A) Prezo sen IVE 10.800 .- euros
- B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) 21 % 2.268 euros
- C) TOTAL (A+B) 13.068.- euros

VIII.- En data 18 de agosto de 2025 o técnico de Administración xeral emitiu informe (CVD: mxVR8/+g06FT6NRmLVbR) no que expón:

".....Que visto canto antecede o funcionario que subscribe considera que coa tramitación do contrato menor 2025/C002/000029 para a contratación do servizo de "Redacción do proxecto básico e de execución das obras de acondicionamento de locais municipais na Barcala con destino a arquivo municipal", non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación....."

IX.- En data 25 de agosto de 2025 a secretaria xeral emitiu informe (CVD: Wlid9y4dWEUF5eFIEV4h) no que, entre outras cousas, expón:

"...CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- *O artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), (modificado polo Real decreto-ley 3/2020, de 4 de febreiro) regula o expediente de contratación en contratos menores dispoñendo o seguinte:*

"1. Considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal.



2. Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá a emisión dun informe do órgano de contratación xustificando de maneira motivada a necesidade do contrato e que non se está alterando o seu obxecto co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no apartado anterior.

3. Así mesmo requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

4. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando sexa requirido polas disposicións vixentes. Deberá igualmente solicitarse o informe das oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

5. O disposto no apartado 2.º deste artigo non será de aplicación naqueles contratos cuxo pago se verifique a través do sistema de anticipos de caixa fixa ou outro similar para realizar pagos menores, a condición de que o valor estimado do contrato non exceda de 5.000 euros.

6. Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.”

Polo que atinxe a súa duración, o artigo 29.8 do dito texto legal establece que os contratos menores non poderán ter unha duración superior a un ano nin ser obxecto de prórroga.

Por outra banda, o artigo 65 da LCSP dispón, á hora de regular a capacidade para contratar, que só poderán contratar co sector público as persoas naturais e xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou, nos casos en que así o esixa a lei, se atopen debidamente clasificadas.

Engade o parágrafo segundo do dito artigo que os contratistas deberán contar, asimesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización das prestacións que constitúan o obxecto do contrato.

Especificamente, para os contratos menores o artigo 131.3 da LCSP preceptúa que “3.Los contratos menores podrán adjudicarse directamente a cualquier empresario con capacidad de obrar y que cuente con la habilitación profesional necesaria para realizar la prestación, cumpliendo con las normas necesarias en el artículo 118.”

O artigo 30.3 da LCSP establece que a prestación de servizos realizarase normalmente pola propia Administración polos seus propios medios podendo non obstante, cando careza de medios suficientes, previa a debida xustificación no expediente, contratar de conformidade co establecido no Capítulo V do Título II do Libro II da dita Lei; no mesmo senso o artigo 116 da antedita lei que establece no seu punto 4.f) que no expediente se xustificará adecuadamente, nos contratos de servizos, o informe de insuficiencia de medios.

Os órganos de fiscalización externos e os órganos consultivos son reiterativos en limitar a utilización dos contratos menores só para satisfacer necesidades puntuais e esporádicas, concretas e perfectamente definidas e urxentes.



O obxectivo da nova regulación dos contratos menores da Lei é reconducir o contrato menor a situacións excepcionais. As características das prestacións que poden ser contratadas mediante contratos menores deberán satisfacer necesidades puntuais e esporádicas, concretas, perfectamente definidas e urxentes. A sensu contrario, non poden utilizarse os contratos menores para atender necesidades periódicas e previsibles.

A oficina independente de Regulación e supervisión da contratación, na Instrucción 1/2019, de 28 de febreiro, sinala, entre outras cousas, que "Así, la propia Ley, reduce la contratación directa a situaciones extraordinarias" A instrucción anteriormente citada da OIRESCON sinala no seu apartado II que "De acuerdo con el principio de competencia y como medida antifraude y de lucha contra la corrupción, el órgano de contratación solicitará, al menos, tres presupuestos, debiendo quedar ello suficientemente acreditado en el expediente. Si las empresas a las que se les hubiera solicitado presupuesto declinasen la oferta o no respondiesen al requerimiento del órgano de contratación, no será necesario solicitar más presupuestos. Las ofertas recibidas así como la justificación de la seleccionada formarán, en todo caso, parte del expediente. De no ser posible lo anterior, deberá incorporarse en el expediente la justificación motivada de tal extremo".

E o Consello de Contas de Galicia no informe especial de fiscalización de comunicacións de 25 de xaneiro de 2023 indica respecto da contratación menor , entre outras cousas, que : "(.../....) E incluso en relación a estas, debiera promoverse la inclusión en la normativa interna del fomento de la concurrencia en la adjudicación de los contratos menores mediante la publicación electrónica de anuncios de licitación en la línea de las recomendaciones del Código Europeo de Buenas Prácticas para facilitar el acceso de las PYMES a los contratos públicos para garantizar la efectiva transparencia y concurrencia de la contratación pública....."

No suposto examinado, a xuízo da que subscribe o obxecto do contrato illadamente considerado é referido a unha necesidade concreta , definida e urxente (o prazo para solicitr a inclusión na 2ª fase do POS Adicional remata o día 12 de setembro de 2025, ás 15:00 horas,); e tendo en conta a excepcionalidade polas circunstancias que figuran no informe do xefe da área de urbanismo e réxime interior (CVD: /LLgSFPd999BQnMcGRH1) , a prestación a contratar podería en canto a excepcionalidade da situación descrita no dito informe e contía entenderse encadrable dentro da figura de contrato menor.

Non obstante, considerando, á vista da situación actual ,previsible a necesidade de prestacións similares á que constitúe o obxecto deste contrato menor, e que na plataforma de tramitación eletrónica TEDeC consta aperturado un expediente (2025/C004/000005), no que consta unha memoria, informe técnico e prego de prescripciós técnicas asinados por quen foi enxeñeiro técnico de obra pública interino en data 19 de febreiro de 2025, propoñendo na memoria xustificativa a contratación do servizo por procedemento aberto para direccións de obras e redacción de proxectos con asistencia topográfica e xeotécnica para as áreas de urbanismo e obras do Concello infórmase da necesidade de proceder, mentres se manteña a situación de falta de persoal á contratación do servizo de redacción de proxectos 8 ademais do de dirección de obras) de acordo cos principios de publicidade, libre concurrencia, igualdade e transparencia e a través dos procedementos abertos regulados na Lei de Contratos do Sector Público.

Se ben o criterio da que subscribe quedou exposto, para o caso de que sexa outro o criterio do órgano de contratación infórmase que no presente expediente:



- non se solicitou oferta a tres empresas, tal e como dispón a Instrucción da OIRESCON , o que supón un incumprimento do sinalado na mesma. Reitérase sobre este particular o sinalado polo Consello de Contas e anteriormente transcrito.

- Non consta pronunciamento da intervención municipal verbo do cumprimento da base 26.2 do presuposto.

.-Non consta xustificado o prezo do contrato. O prezo figura na memoria asinada polo concelleiro delegado de economía, facenda, contratación, réxime interior e desenvolvemento económico, pero non consta informe técnico que xustifique o dito prezo, polo que se informa desfavorablemente o expediente....)

X.- A Interventora accidental en data 27 de agosto 2025 emitiu dilixencia (CVD: ptu9afjYupTakPr4ux81) na que, entre outras cousas sinala:

“...INFORME COMPLEMENTARIO DE EXISTENCIA DE CRÉDITO AXEITADO E SUFICIENTE

PRIMEIRO.- Visto o informe emitido por la interventora accidental (CVD: LfbU1VzgAC4Ob/8W6ScI) advertindo da obriga de completar o expediente para a súa tramitación debido a que nese momento non constaba informe de necesidade nin xustificación algunha de que a contratación pretendida non supoña un fraccionamento do obxecto do contrato para evitar a aplicación das normas xerais da contratación, ao abeiro da base 26ª das de execución do orzamento 2025 prorrogado do Concello de Cambre dispón: “(...) 2. Con respecto á tramitación de expedientes de contratos menores, atenderase ás seguintes normas: (...) Deberá xustificarse que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación. Dito extremo haberá de ser informado por parte do xefe da área tramitadora do expediente do contrato menor. Se non se cumpre este requisito a contratación será obxecto de reparo suspensivo pola intervención municipal. (...)”

Emítese este informe completando o interior baseado no informe (CVD: mxVR8/+g06FT6NRmLVbR) “.....Que visto canto antecede o funcionario que subscribe considera que coa tramitación do contrato menor 2025/C002/000029 para a contratación do servizo de “Redacción do proxecto básico e de execución das obras de acondicionamento de locais municipais na Barcala con destino a arquivo municipal”, **non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación....”**

SEGUNDO.- Neste caso, á vista do informe do xefe da área de urbanismo e réxime interior que pon de manifesto a excepcionalidade e a necesidade do contrato, que resulta concreta, definida e urgente (CVD: ABUD2qTI0U57uh1VGGpl), ““(...) Esta total inexistencia, pois, de persoal técnico na Sección de Servizos adscrita a esta Area de Urbanismo fai que sexa necesaria e obrigada a contratación externa do servizo de redacción de proxectos de obras indicado.”

No obstante, non corresponde a esta intervención analizar o contido da xustificación alegada senón comprobar que existe informe do xefe da área tramitadora do expediente do contrato menor se ben se debe advertir que, existen outros contratos de execución de obras pendentes de adxudicación nos que



tamén existe á necesidade de contar con direccións de obra para poder executarse, e que tendo en conta o importe das mesmas, previsiblemente o importe conxunto de todas as direccións de obras excedan do límite de contrato menor recollido no artigo 118 LCSP mencionado, infórmase da necesidade de proceder mentres se manteña a situación de falta de persoal á contratación do servizo de dirección de obras e coordinación de seguridade e saúde de acordo cos principios de publicidade, libre concorrència, igualdade e transparencia e a través dos procedementos regulados na Lei de Contratos do Sector Público.

Así mesmo, expónse que esta intervención ten coñecemento de que non se solicitou oferta a 3 empresas, como dispón a Instrucción da ORIESCON, e supón entón un incumprimento do sinalado na mesma.

Non consta xustificado o prezo do contrato. O prezo figura na memoria asinada polo concelleiro delegado de economía, facenda, contratación, réxime interior e desenvolvemento económico, pero non consta informe técnico que xustifique o dito prezo, polo que se informa desfavorablemente o expediente.

*Nembargantes, a suma do valor estimado ascende a 13.500,00 € polo que, ao **respectarse o límite cuantitativo que o artigo 118.1 da LCSP fixa para os contratos menores de servizos (15.000,00 €), non serían obxecto de reparo suspensivo.***

FISCALIZADO CON OBSERVACIÓNS

Sen perxucio do informe de fiscalización que proceda emitir na fase procedimental referida ao recoñecemento da obriga...”

Considerando urxente proceder á contratación da redacción do proxecto citado, toda vez que o prazo para solicitar a inclusión da obra no POS+AD 2/2025 remata o 12 de setembro de 2025.

Visto o disposto nos artigos 19.8, 118, e 131.3 da Lei 9/2017, de 8 de outubro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Autorizar o gasto por importe de trece mil sesenta e oito euros (13.068 €) con cargo á partida 933 63200 do orzamento en vigor.

Segundo.- Adxudicar o contrato menor de “Redacción do proxecto básico e de execución das obras de acondicionamento de locais municipais na Barcala con destino a arquivo municipal” á arquitecta dona Olga María Pérez Sanmartín polo prezo de trece mil sesenta e oito euros (13.068 €), IVE incluído (base : 10.800 euros, IVE (21 %) 2.268 euros).

Terceiro.- Designar responsable do contrato ao arquitecto municipal, don Agustín Barca Cotelo.



Cuarto.- Notificar este acordo ao adxudicatario e ao responsable do contrato.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 27 de agosto de 2025 (CVD: jo7B4PsaJm17n1OqSmt2), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo